



Moción aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia, 28.02.2012

3.1 08/MOC-0148 (78244) (78303) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación cos contratos asinados e axudas outorgadas polo Igape dende o ano 2009 a diversas empresas, a externalización da súa área internacional, e o convenio asinado para a xestión da Rede Pexga.

(Moción, a consecuencia da Interpelación nº 74788, publicada no BOPG núm. 606, do 27.12.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.02.2012)

O Texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Trasladar ao Parlamento toda a información dispoñible sobre os contratos asinados e axudas outorgadas polo IGAPE, así como as axudas de I+D+I, sempre que sexa posible dada a situación xudicial relacionada con algún dos mencionados expedientes, as empresas seguintes:

- a) Laboratorios Nupel
- b) Procesoil
- c) Valorización de Residuos Gallegos
- d) Galimed Trata
- e) Vector Digital, S.L
- f) ABH Consultoría
- g) Albromat Servicios Integrales
- h) Fundación Porto de Vigo

2. Trasladar ao Parlamento os resultados das investigacións internas do IGAPE no caso de que se detectasen condutas



irregulares deshonestas ou de conflitos de intereses, así como dos correspondentes expedientes disciplinarios iniciados.

3. Dar conta ao Parlamento sobre o convenio asinado coa Confederación de Empresarios de Galicia para a xestión da Rede PEXGA.

4. Informar ao Parlamento no prazo de 3 meses sobre a eficiencia das axudas inferiores a 6.000 euros concedidas polo IGAPE.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2012